

O presidente da Cámara desenvolve unha rolda de contactos con representantes das administracións e do tecido económico da comarca

Ferrol.06/08/2010. O presidente da Cámara de Comercio de Ferrol, Juan Gato, está a manter, nas últimas semanas, unha intensa axenda de contactos con representantes das administracións e do tecido económico da comarca.

A partir da sesión do pleno celebrada o pasado 20 de xullo na que se aprobou o organigrama funcional da entidade, coa elección dos presidentes das comisións e dos representantes en diferentes organismos, Juan Gato está realizando as súas primeiras visitas e encontros oficiais.

Esta semana entrevistouse coa directora xeral de Comercio da Xunta de Galicia, Nava Castro, para tratar de aclarar a situación do Consorcio Pro Feiras con respecto a súa transformación nunha fundación, da que depende un investimento superior aos tres millóns de euros para remodelar o recinto.

Esta remodelación suporía a desaparición de instalacións que se atopan moi deterioradas como o pavillón da Mariña ou o antigo auditorio e a construción dun novo pavillón de grandes dimensións para acoller todo tipo de eventos.

Nestes momentos do proceso, aínda están sen aprobar os estatutos definitivos e a carta fundacional porque a Deputación Provincial da Coruña ten que definir a súa posible participación na fundación.

Por outra parte, unha das primeiras visitas do novo presidente foi a realizada a Navantia, para reunirse co director do estaleiro, Esteban García Vilasánchez, xa que tiña especial interese por intercambiar impresións co responsable da empresa que xera un maior valor engadido á economía de esta comarca.

García Vilasánchez informoulle sobre os plans de traballo dos buques que se están a construír para a Mariña australiana e das dificultades que poderían presentarse se non se conseguen novos contratos a partir do 2013, así como da posibilidade, de producirse un relanzamento do sector eólico, de que a empresa participe non só na fabricación de turbinas senón tamén de elementos estruturais dos aeroxenadores.



Outra das prioridades de novo equipo de goberno da Cámara é a de axilizar a elaboración do plan económico-financeiro do centro de negocios que se está construír no porto exterior, cuxas instalacións, ademais das do viveiro de empresas e a propia sede corporativa, estiveron a visitar hai uns días para coñecer os servizos que se prestan en cada unha delas.

Juan Gato deixou patente, nestas primeiras semanas, que vai orientar boa parte dos seus esforzos a reivindicar e potenciar o papel da Cámara como ente consultivo e de colaboración coas administracións públicas.

Para o novo presidente —e así llo transmitiu aos seus homólogos das restantes cámaras galegas— as organizacións empresariais non poden arrogarse o monopolio exclusivo das relacións coas diferentes instancias da administración en temas económicos ou sociais cando a súa representatividade é moi inferior á das cámaras de comercio, que teñen a condición de corporacións de dereito público e que son as únicas entidades que teñen atribuída, por mandato legal, a representación da totalidade dos empresarios.

Cara ao mes de setembro, Gato vai proseguir coa súa axenda de contactos e pretende programar entrevistas con diferentes membros do goberno autonómico e cos alcaldes da demarcación.

